

# Comprensión lectora: FROITA NA ESCOLA

## CARTEL

Actividade para Primeiro:

## MACEDONIA

### Ingredientes:

Pera

Mazá

Piña

Plátano

Uvas

Amorodos

Melocotón en almibre

### Elaboración:

1. Verter o almibre do melocotón nun recipiente.

Tamén podes usar zume de laranxa.

2. Cortar a froita en anacos.

3. Botar a froita no recipiente.

4. Remexer todo e xa está lista!



1. De que trata o cartel? Marca a opción correcta.

É o cartel dun comedor escolar.

É o cartel que anuncia que imos comer froita na escola.

É unha noticia sobre froitas.

2. Por que os nenos de primeiro van facer macedonia?  
Marca.

Porque é bo comer froita.

Porque é moi divertido.

Porque participamos no programa de consumo de froitas nas escolas.

3. Que é o primeiro que hai que facer para elaborar a receita? Marca.

Cravar a froita en espetos.

Verter o almibre do melocotón nun recipiente.

Cortar a froita en anacos.

IDEAS: Escribe unha receita sinxela ou inventa o teu propio cartel sobre o importante que é comer froita.